

Adiviñas

Alto estou,

cor de ouro teño

e por unha risotada

perdo o que teño.

(Ourizo)

Unha cousa que vive na devesa

e vaille picar o o cu á artesa.

(A castaña)

Alto vivo,

mírame a xente

e se me río

quedo sen dente.

(Ourizo)

Alto me vexo

no meu capelexo

e por unha risada

quedei sen nada.

(Ourizo)

"Unha cousiña cousa,
criada no monte,
enxoita na casa
e cómese sen tasa."

(A castaña)

"Pingoles, pingoles está pingando; fungoles, fungoles está fungando; se
pingoles, pingoles non pingara, fungoles, fungales non fungaba."

(A pinga da auga e o fungo)

"Son verde e non son limón,
son moura e non son carbón,
son vermella e non son sangue,
son branca e non son papel,
que cousa cousiña son?"



"Eu nacín dentro dun berzo,
onde ninguén tocar ousaba:
quen puña a man non tornaba...
Entre cidades e cortes me desexan ver crescida,

e as mulleres preguizosas comigo gañan a vida"

"Cal é a cousa, cal é ela,
ten tres capas de inverno:
a primeira mete medo,
a segunda é lustrosa e
a terceira, amargosa?"

Cantigas

"As castañas son castañas, os ourizos son ourizos;

os ollos da túa cara, para min son dous feitizos"

"Non chas quero, non chas quero, castañas do teu magosto.
Non chas quero, non chas quero, que me cheiran a chamosco."

“Miña nai, dóeme a barriga.
Miña filla, confesión.
As castañas que comiches
de que castiñeiro son?”

“Monxe, que estás no canizo,
tira castañas para baixo,
tírame das máis grandiñas
que, polas pequenas, non me baixo.”

"Canta a rula, canta a rula, canta a rula naquel souto;

Pobriño daquel que espera polo que está na man doutro."

“Acabáronse as castañas, secáronse os castiñeiros,
acabáronse as rapazas; quedan os mozos solteiros.”

"Esta aldeíña de Cambre, moito viva que na honra,
de mañá, por entre o souto, en busca de boa sombra"

"A aldea de Palavea, de lonxe parece vila,
ten corredoiras na entrada e un souto sen saída."

"Acabáronse as vendimas, aí veñen as esfolladas
para comer coas nenas catro castañas asadas"

"Has de cantar que che ei de dar zonchos, has de cantar que che ei
de dar moitos;
has de cantar e has de cantar, has de cantar que chos hei de dar."

" Teño un castiñeiro alto, no tronco ten mil enredos,
tampouco os namorados poden ter os ollos quedos."

"A castaña no ourizo quixo rir e regañou
caeu do castiñeiro embaixo, mira ti o que gañou."

"Santo que estás no canizo
bota castañas embaixo
que aínda que non teño mandil,
apáñochas co refaixo."

REFRÁNS

"Planta en outono, terás para todo o ano."

"Flores en outono, fame no aninovo."

"O verán de San Martiño son tres días e un pouquiño."

"Bo outono, ledicia do dono."

“Uva mollada para viño non vale nada.”

“Polo San Martiño proba o teu viño.”

“En outono bota as patacas e garda cedo as vacas.”

"Polo San Martiño faise o magosto con castañas asadas e viño ou mosto."

"Castañas, noces e viño fan as delicias do San Martiño"

"Polo San Martiño vai ver o teu soutiño."

"Castañas no Nadal saben ben e pártense mal."

"Temperá é a castaña que por setembro regaña."

"Fíate das castañas asadas, que se estoupan, saíranche á cara."

"Con castañas asadas e sardiñas salgadas non hai viño ruín."

“San Migueliño das uvas maduras, moito me tardan e pouco me duran.”

“A horta en outono mantén o seu dono.”

Outono quente trae o demo no ventre.

Polo San Miguel sabe o touciño a mel.

Outono chuvioso, ano copioso.

Se en setembro empeza a chover, outono seguro é.

En setembro ou leva as pontes ou seca as fontes.

Moita flor na primavera, bo outono nos espera.

A horta do San Martiño ten para el e máis para o veciño.

Castañas noces e viño fan as delicias de San Martiño.

Polo San Martiño, trompos ao camiño.

**Polo San Martiño, peóns ao camiño; polo San Amaro, peóns ao
faiado.**

No día de San Martiño, abilla o teu viño.

Auga de San Martiño, come pan e bebe viño.

Despois de San Martiño vén o inverno de camiño.

Polo San Martiño, mata o porco e proba o viño.

Polo San Martiño, mata o teu porquiño.

Polo San Martiño, nen fabas nin liño.

Polo San Martiño, buxainas ó camiño.

Polo San Martiño di o inverno ¡¡¡¡Alá vou eu!!!!

Polo San Martiño, deixa a auga, come pan e bebe viño.

A todo porco lle chega o seu San Martiño.

O veranciño de San Martiño, ou grande ou pequeniño.

Polo San Martiño, andan as noces a roliño.

Polo San Martiño faise o magosto, con castañas asadas e viño ou mosto.

As castañas que despois de San Martiño quedan no souto, son do moucho.

Ben boa vida pasa o porco e mais dorme no cortello.

O que non mata porquiño non ten lacón nin touciño.

Alegría, alegrote que anda o rabo da porco no pote.

Bendito o mes que comeza con Santos, media con San Uxío e remata con San Andrés.

Por Todos os Santos, neve nos altos, polo San Andrés, neve nos pés.

Ditoso mes que empeza en Santos e remata en San Andrés.

Polo San Andrés colle o porco polo pé.

Polo Santo André mata o teu parco como o tes.

Se novembro empeza ben, nada hai que temer.

Polo novembro as noites van crescendo.

De Santos á “Navidá”, é inverno de “verdá”.

Dende Santos ao Nadal é inverno natural.

De Santos a Nadal, inverno carnal.

De Santos á Ascensión non quites o mantón.

No mes dos mortos, mata os teus porcos.

Chegan os defuntos e chegan os corvos todos xuntos.

Por Santos, aínda hai campos verdes e xa hai montes brancos.

Cando Santos remata, o inverno empeza.

"Polo San Lucas mata o teu porco e baña a túa cuba".

"Polo San Tomé, dálle ao porco polo pé".

REFRÁNS DE OUTUBRO

A lúa de outubro a sete cobre, e se chove, nove.

A lúa de Outubro sete lúas cobre, e se chove, cobre nove.

A verdura de San Simón dá pro (para o) amo e mais pro (para o) ladrón.

A verdura en outono cómea o seu dono.

Áncoras ó fondo, que chega San Simón.

As avenidas de San Simón, antes ou despois sonadas son.

As enchentes de San Simón sonadas son, ou antes ou despois enchen o carro e mais os bois.

En outubro, a terra esterca e cobre.
En san Francisco trae a vela, en San Xosé lévaa.
Pasados os Remedios e san Roque, xa non hai sesta nin merendotes.
Polo Pilar, os nabos na terra e o viño a envasar.
Polo san Lucas mata o teu porco e barra a túa cuba / as túas cubas.
Polo san Lucas saben ben as uvas.
Polo san Lucas solta os bois, mata os porcos e tapa as cubas.
Polo san Simón proba o viño, e o porco polo san Martiño.
Polo san Simón, áncoras ó fondón.
Por San Francisco bota o liño mourisco, se o botas en San Simón nin
da estopa nin estopón.
Por san Francisco, risco, risco. Por san Lucas alza o boi da suca,
mata o porco e tapa a cuba.
Por san Martiño e san Xudas, piñeiriña das túas uvas.
Por san Quintín castañas ó rolín.
Por san Simón a xeira do cogordón.
Por San Simón cada moneda vale un doblón.
Por san Simón e san Xudas, collidas as uvas.
Por san Simón e san Xudas, mata o teu porco e atesta as túas cubas.
Por san Simón o néspero se repón.
Por san Simón, aperta o baldón.
Por San Simón, camiñar si, navegar non.
Por san Xudas e san Simón, collidas as uvas son.
Quen en san Miguel esterca, desde casa rega.
Quen en san Miguel planta, un ano adianta.